

1. Contesta o máis brevemente as seguintes cuestións

1. Define o que é unha cidade aplicando criterios cuantitativos e cualitativos.

En España considérase cidade a calquera núcleo de poboación que teña máis de 10.000 habitantes. A isto hai que sumarlle outros criterios cualitativos como son o predominio das actividades económicas no sector terciario e secundario, gran influencia territorial sobre o territorio limítrofe, cunha morfloxía urbana e arquitectónica onde hai unha alta densificación de espazo construído, gran variedade e dinamismo social e moitas e variadas funcións.

2. Que diferenzas existen entre os núcleos rurais e urbanos?

Existen moitas diferenzas. O tamaño e a forma nos núcleos rurais o seu hábitat está disperso e si está concentrado a súa poboación non chega aos 2.000 habitantes. As actividades económicas relacionadas co sector primario están moi presentes. Hai pouca densificación do espazo construído, predomina o espazo natural. Pouca variedade e dinamismo social. Funcións básicas, pouco especializadas e variadas.

3. Cales son as características principais da cidade medieval tanto cristiá como musulmá?

Cidades amuralladas, carácter defensivo. Trazos irregulares con rúas estreitas e tortuosas. Forma radiocéntrica a partir dun núcleo central. Importante función político-administrativa, estratéxico-militar, comercial e relixiosa.

4. Que entendemos por morfloxía urbana? Que elementos configuran a morfloxía?

Denominamos morfloxía ao aspecto externo que presenta a cidade. Cinco elementos a configuran a localización, a situación, o plano, a trama e os usos do solo.

5. Explica a relación que existe entre os termos urbanización, industrialización e movementos migratorios.

O crecemento da cidade é un fenómeno contemporáneo que se produce no século XIX a partir da revolución industrial. A industrialización atrae moita xente do espazo rural (éxodo rural) cara a cidade.

6. Sinala os motivos polos que a poboación e as actividades económicas dunha cidade vanse difundindo cara a periferia.

O encarecemento do solo no centro da cidade, os problemas de tráfico e transporte facilitan que a poboación e as actividades económicas difúndanse cara a periferia.

7. Que entendemos por estrutura urbana?

Denomínase estrutura urbana á relación entre o urbanismo, as funcións económicas e sociais que se crean no interior do espazo urbano entre as distintas partes que compoñen a cidade. Composta, no caso de cidades históricas, de sucesivas zonas habitualmente agregadas de forma concéntrica a partir da localización dun núcleo inicial onde se fundou la cidade.

8. Cando aparecen os ensanches? Que diferenza teñen no plano con respecto ao do casco históricos? Que características morfolóxicas e estruturais teñen?

Aparecen na segunda metade do século XIX e principios do XX. Presentan un plano regular ortogonal con viarias amplas e grandes mazás. Existe unha planificación previa a edificación establecendo equipamentos básicos. Esta foi a área residencial da burguesía emerxente. Na actualidade localízanse as actividades terciarias máis especializadas (CBD) e é a área residencial da clase media-alta.

9. Cando nacen os barrios xardín? Que finalidade tiñan? De onde procede a idea? Que grupos sociais viven e que funcións desempeñan na actualidade?

Nacen a principios do século XX coa finalidade de desconxestionar o interior da cidade industrial. O modelo está foi tomado de Gran Bretaña do urbanista Howard. Nas cidades xardín hai que distinguir unha área orientada para a clase alta burguesa e outra que foi deseñada para a clase obreira a partir da lei de casas baratas. Na actualidade este espazo é residencial de clase media-alta alternando con usos terciarios de tipo asistencial-santiario, lúdico e educativo.

10. Cando e por que xorden os polígonos residenciais?

A partir da década dos sesenta. Aplicando os criterios de zonificación do uso do solo exposto por arquitectos-urbanistas funcionalistas como Le Corbusier, Mies van der Rohe ou Niemeyer.

Predomina a trama aberta de edificacións en bloques con grandes espazos para equipamentos, zonas verdes e aparcamentos.

11. Que entendemos por cidade difusa?

Expansión da cidade cara a área de influencia a partir de pequenos vivendas unifamiliares ou quinteiros pechados

12. Cales son os problemas máis importantes que ten unha cidade?

Problemas relacionados coa aglomeración ou densificación: acceso á vivenda, abastecemento, ordenación do tráfico e transporte... Económicos: excesiva terciarización... Sociais: delincuencia, integración de inmigrantes, marxinación... Medioambientais: ruído, residuos, desaparición de espazos verdes...

CIDADE	CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS
Romana	Estrutura en taboleiro de damas. Rúas que se cruzaban en ángulo recto e dúas rúas principais: cardus e decumanus. Rodeada por unha muralla e co foro na intersección desas dúas rúas principais.
Medieval Cristiá	Rodeadas de murallas. Carácter defensivo. Trazos irregulares con rúas estreitas e tortuosas. Con forma radiocéntrica, a partir dun castelo, do mercado ou da praza da igrexa. Tamén cun marcado carácter relixioso.
Medieval musulmana	Cidade amurallada cun núcleo central, a medina, onde se localizan a mesquita e o mercado central. Barrios amurallados, con mesquitas menores. Forma radial, con rúas sen saída e trazado irregular. Casas con patios interiores.
s. XVI-XVII	Mantense o espazo da cidade medieval. Novos monumentos: pazos, catedrais, igrexas. Xurde a praza Maior.
s. XVIII	Co reformismo borbónico acométense novas trazas e aliñacións de vías, barrios ou cidades de nova planta.
s. XIX	Derrube das murallas medievais, creación de roldas e desenvolvemento dos ensanches e barriadas obreiras perto dos centros fabrís ou dos sistemas de comunicación.
s.XX-XXI	Crecemento cara a periferia. Polígonos residenciais, industriais, crecemento cara a área metropolitana: a cidade difusa.